

Prezada comunidade:


O centro ECOBAS comeza a colleitar os froitos do seu percorrido destes tres anos dende a súa constitución como Centro Interuniversitario. En concreto, no que atinxe a un dos aspectos capitais, como é o dimensionamento do equipo técnico, contamos cunha nova incorporación ao equipo de xestión, **Carina Rodríguez Gómez**, quen dará soporte á actividade de ECOBAS dende Santiago de Compostela. O financiamento deste contrato, con cargo aos fondos CIGUS obtidos grazas á nosa acreditación como Centro Colaborativo desta rede de excelencia, se enmarca no Programa de Galicia Feder 2021-2027 (obxectivo específico 1.1: desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e asimilar tecnoloxías avanzadas).

Ademais, despois dun longo proceso en réxime de concorrenza competitiva e iniciado hai xa un ano no marco do “Programa Estatal para Desenvolver, Atraer y Retener Talento” do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, esta semana se suma ao equipo **Alexandra França** como Persoal Técnico de Apoio nas oficinas centrais de ECOBAS en Vigo. Esta contratación conta co cofinanciamento do Fondo Social Europeo.

No capítulo adicado aos esforzos para o novo talento investigador, esta semana foi publicada a resolución de concesión das **Bolsas ECOBAS de Inicio á Investigación en Economía para o curso 2024/2025**.

Desgranamos todas estas novidades a continuación neste novo número da nosa newsletter, no que incluímos coma sempre a axenda destacada para a nosa comunidade investigadora.

>>> TRANSFERENCIA ECOBAS: RESULTADOS E BEST PRACTICES



A área de Transferencia de ECOBAS está a artellar novas iniciativas e 2025 promete ser un ano de moito impulso para esta función vertebradora das solucións que a nosa investigación pon ao servizo da sociedade. Para presentar os plans do centro nesta materia e tamén os resultados acadados ata aquí, así como aprender de casos de éxito liderados por membros do noso equipo, celebraremos este encontro o vindeiro 19 de decembro.

Ademais, despois da xornada teremos a oportunidade de compartir uns pinchos e felicitar nos o Nadal.

- ACTIVIDADE PRESENCIAL, baixo inscrición (dispoñible proximamente).
- Localización: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC.

AXENDA



>>> CONFERENCIA “B100: INNOVACIÓN CON PROPÓSITO”

MÉRCORES
4/12
18:00 H

O Mestrado de Banca e Finanzas da UDC recibe este mércores a **Jorge Mahía, director executivo de B100**, quen falará en formato de conferencia-coloquio sobre a innovación no sector bancario vinculada a criterios de sostibilidade.

- Actividade exclusivamente PRESENCIAL.
- Localización: Salón de Graos da Facultade de Economía e Empresa da UDC. Campus de Elviña. A Coruña.
- Horario: 18.00 a 19:00 h.




>>> SEMINARIO DE INVESTIGACIÓN: OPTIMIZACIÓN DE CARTERAS BASADA EN SENSIBILIDADES A FACTORES CAUSALES COMUNES

XOVES
5/12
12:15 H

O Mestrado Interuniversitario en Economía organiza este seminario de investigación, extensivo tanto ao alumnado do propio mestrado coma ao alumnado de doutoramento, que impartirá o **responsable de Análise Cuantitativo de Miralta Bank, Alejandro Rodríguez Domínguez**.

- ACTIVIDADE HÍBRIDA
- PRESENCIAL: Salón de Graos da Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC.
- ONLINE vía TEAMS. Datos para a conexión:
 - Id de reunión: 335 278 760 797
 - Código de acceso: ds3Zh27b



MEC
Máster Interuniversitario en Economía

>>> RESEARCH SEMINAR: THE ROLE OF INCOME, DEMOGRAPHIC, AND INCENTIVE CHANGES IN FUTURE FOOD DEMAND SCENARIOS

XOVES
19/12
11:00 H

Clara García Bouyssou, investigadora posdoc da Universidade de Copenague, pertence ao Department of Food and Resource Economics (IFRO) desta institución, no que actualmente traballa nun proxecto sobre Food Waste.

- ACTIVIDADE HÍBRIDA
- PRESENCIAL: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC.
- ONLINE a través de ECOBAS Academy. Imprescindible rexistro previo (dispoñible proximamente).



ACTUALIDADE



>>> NOVAS INCORPORACIÓNS AO EQUIPO ECOBAS



Alexandra França

Doutora polo Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial, temos o pracer de dar a benvida ao noso equipo a Alexandra França, que se incorpora a ECOBAS como Persoal Técnico de Apoio nas oficinas centrais de Vigo.

Máster en Dirección pola Porto Accounting and Business School (ISCAP), Portugal, Alexandra posúe máis de 20 anos de experiencia no sector financeiro, no que traballou para empresas multinacionais.

O seu expertise en planificación estratéxica e orzamentaria, así como en análise económico-financieira, configuran un perfil de elevado valor para contribuir ao despregamento do plan estratéxico do noso centro nesta importante etapa.

Na súa faceta investigadora, o seu traballo se centra no gran desafío do cambio climático. O seu obxectivo é cuestionar a viabilidade do enfoque tradicional de "business-as-usual" nun contexto de crise climática, ademáis de identificar beneficios ou limitacións organizacionais que poidan dificultar unha acción climática máis efectiva por parte de las empresas contaminantes.

Alexandra ten publicacións en revistas científicas con revisión por pares, indexadas en bases de datos como Web of Science (Clarivate Analytics) e Scopus. Tamén ten participado e presentado ponencias en congresos nacionais e internacionais.

A incorporación de Alexandra se produce no marco das axudas do "Programa Estatal para Desenvolver, Atraer y Retener Talento" do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, que contan co financiamento do Fondo Social Europeo.



Carina Rodríguez Gómez

"Con moitas ganas de aprender e moita ilusión por emprender este camiño", Carina Rodríguez Gómez vén de incorporarse á área de xestión de ECOBAS nas dependencias do noso Centro na USC.

Licenciada en Economía precisamente pola USC, comezou a súa traxectoria profesional no sector da banca, onde exerceu postos de responsabilidade como Subdirectora de Oficina e nos últimos anos, especialiceime no sector seguros.

O financiamento deste contrato, con cargo aos fondos CIGUS obtidos grazas á acreditación de ECOBAS como Centro Colaborativo desta rede de excelencia, se enmarca no Programa de Galicia Feder 2021-2027 (obxectivo específico 1.1: desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e asimilar tecnoloxías avanzadas).

Recíbide ámbalas dúas a calurosa benvida de todo o equipo ECOBAS!!!

ACTUALIDADE ECOBAS



>>> O TRABALLO DO EQUIPO DE ECOBAS, PRIMEIRA LIÑA DA 10TH ANNUAL CONFERENCE ON THE ECONOMIC ASSESSMENT OF EUROPEAN CLIMATE POLICIES



- Co título "Climate Change and Extreme Events: A Tale of Social Amplification of Risks", María Loureiro foi a keynote speaker da décima edición do workshop que se celebra cada ano en Florencia coa participación de expertos de máximo nivel nas políticas públicas de avaliación ambiental.
- Pola súa banda, o director adxunto de ECOBAS, Xavier Labandeira, foi o encargado de pronunciar a guest lecture "Towards a Just Transition: The Role of Fiscal Policies".

A directora científica de ECOBAS, María Loureiro, foi a experta encargada de pronunciar a conferencia de apertura da 10th FSR Climate que se desenvolveu en Florencia a pasada semana. Nun momento de incremento da frecuencia dos eventos climáticos extremos e máxima preocupación polos efectos do quentamento global, a intervención de Loureiro puxo o foco na importancia destes fenómenos para a análise económica do cambio climático.

Pola súa banda, como relator convidado desta reunión científica, o director adxunto de ECOBAS, Xavier Labandeira abordou na súa exposición o crucial papel da equidade ou efectos distributivos no desenvolvemento do traballo de análise do cambio climático e das políticas correctoras. Entroncando co anterior, Labandeira plantexou posibles formas de compensación, vinculando fiscalidade ambiental e programas de gasto.

Comandado polo director da Florence School of Regulation - Climate (FSR Climate), Simone Borghesi, este workshop reúne cada ano a expertos da avaliación ambiental e económica das políticas públicas implementadas na Unión Europea e centrará o foco en asuntos como os prezos do carbono, a transición enerxética e a conservación da biodiversidade e dos ecosistemas. O feito de que o traballo investigador dos dous máximos responsables de ECOBAS ocupase as intervencións de primeira orde, pon de manifesto a relevancia e o papel tractor que está a desempeñar o noso Centro de Investigación Interuniversitario nun asunto que ocupa na actualidade a prioridade da axenda pública a escala global.

>>> ERNESTO LÓPEZ-VALEIRAS, EDITOR ASOCIADO NA REVISTA "SPANISH JOURNAL OF FINANCE AND ACCOUNTING"



O noso investigador permanente Ernesto López-Valeiras vén de ser nomeado recentemente Editor Asociado do ámbito de Contabilidade e Control de Xestión na revista "Spanish Journal of Finance and Accounting" (REFC).

Esta publicación trimestral foi fundada en 1972 co obxectivo de apoiar o desenvolvemento científico destas materias. A REFC considera para a súa divulgación análises teóricas ou empíricas relacionadas con mercados financeiros e institucións, microestrutura de mercado, goberno corporativo, contabilidade interna e de xestión e un amplo espectro de temas relacionados coas finanzas e a información financeira, incluíndo a auditoría e a contabilidade pública.

COMUNIDADE



»»» CONCESIÓN DAS BOLSAS ECOBAS DE INICIO Á INVESTIGACIÓN EN ECONOMÍA

Tres estudantes da USC e dous da UVIGO son as persoas adxudicatarias das Bolsas de Inicio á Investigación en Economía deste curso 2024/2025. A axuda económica, cunha contía de 1.125 € para cada unha das persoas beneficiarias, se cun periodo de 45 días de colaboración coa investigación que desenvolve o centro interuniversitario e que dará comezo o 15 de xaneiro de 2025.

Podes consultar [aquí a resolución reitoral publicada pola vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación da UVigo.](#)

»»» DIVULGACIÓN ECOBAS

➤ ["Fiscalidad ambiental: se agotan las excusas y el tiempo para actuar"](#), por Xavier Labandeira. El País, 28/11/2024.

»»» ALERTAS DE NOVOS CONTIDOS



Suscríbete á nosa canle de YouTube para recibir as alertas de publicación de novos vídeos:

- ✓ Seminarios de investigación
- ✓ Seminarios de doutoramento
- ✓ E máis eventos da nosa comunidade de investigación en Ciencias Sociais, como o acto de apertura de curso 24/25:



<https://www.youtube.com/@ecobasresearchcenter>

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

